

## INFORME DE OFERTA CON BAIXA TEMERARIA

En data 19.02.2024 a Mesa de Contratación solicitou un informe complementario do informe emitido en data 14.02.2024 polo Servizo de Facenda e Patrimonio de análise das alegacións presentadas polo Consorcio de Manipulados e Servicios Postais, para acreditar o valor anormal e desproporcionado da oferta presentada na licitación do contrato de servizo de tratamento, impresión, encartado e ensobrado de cartas e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos, así como a súa entrega posterior ao operador postal.

Segundo traslada a Mesa de Contratación, unha vez concluída a análise das alegacións só se pode solicitar aclaración das manifestacións e documentación aportada, pero non cabe requirir nova documentación.

En consecuencia, conclúese o seguinte

**CONCLUSIÓN:** Da análise e observacións levadas a cabo no informe de 14.02.2024 para a empresa Consorcio de Manipulados e Servicios Postais, cuxa oferta foi considerada como anormal ou desproporcionada, despréndese que a empresa non presentou xustificación suficiente para evidenciar a viabilidade da execución do servizo definido nos pregos, polo importe ofertado, non quedando acreditada polo tanto, a baixa anormal ou desproporcionada formulada pola empresa ofertante.

Ferrol na data de firma dixital

A xefa de Servizo de Facenda e Patrimonio